



Anteproxecto do Decreto polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia

I

O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma concretou, entre outros aspectos, o deseño e a estrutura curricular da etapa de educación secundaria obrigatoria de acordo co disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria

Nos artigos 9 e 10, correspondentes ambos ao Capítulo I. Organización do Título I. Organización e desenvolvemento, o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, determinou as materias para cada un dos catro cursos da etapa. O artigo 9 concretou a organización de materias para os tres primeiros cursos que todo alumnado debe cursar no primeiro, segundo e terceiro cursos da educación secundaria obrigatoria, coa indicación de que, no terceiro curso, o alumnado debe elixir unha materia optativa de entre Cultura Clásica, Educación Dixital, Oratoria ou Segunda Lingua Estranxeira.

O artigo 10 concretou a organización, neste caso, para o cuarto curso, determinando as materias que todo alumnado debe cursar no último curso da etapa, coa indicación de que o alumnado debe elixir unha materia optativa, en función da oferta do centro docente, de entre Cultura Clásica —se non foi cursada no terceiro curso—, Filosofía, Oratoria —se non foi cursada no terceiro curso— ou unha materia de opción non cursada das enumeradas na letra g) do número 1 do artigo 10 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

O desenvolvemento curricular en materia educativa representa para a nosa Comunidade Autónoma un importante desafío pero tamén unha grande oportunidade para acometer os cambios precisos de cara a que as ensinanzas do sistema educativo galego se adapten aos requirimentos normativos estatais e, ao mesmo tempo, se sitúen un paso por diante das necesidades presentes e futuras que demanda a nosa sociedade, conforme ás directrices determinadas pola Unión Europea e pola UNESCO para a década 2020-2030.

Nesa dirección de adaptación aos posibles cambios sociais e á nosa propia realidade, cómpre determinar unha formulación aberta, que posibilite a incorporación, a través de novas materias optativas que amplíen as opcións de configuración da oferta dos centros e de elección para o alumnado, doutros coñecementos ou competencias que poidan xurdir ou facerse necesarias para que o alumnado acade o logro dos obxectivos educativos establecidos na etapa de educación secundaria obrigatoria.



Desde o punto de vista da mellora da calidade normativa, este decreto adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, que se recollen no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en exercicio das facultades outorgadas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, consultado o Consello Escolar de Galicia, de acordo co Consello Consultivo, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do ___ de ___ de dous mil vinte e tres,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, queda modificado como segue:

Un. Engádesse o número 6 ao artigo 9, que queda redactado como segue:

«6. A consellería con competencias en materia de educación poderá ampliar a oferta de materias optativas ás que se refire a letra l) do número 3 deste artigo e establecerá o seu currículo de acordo co establecido neste decreto.»

Dous. Engádesse o número 5 ao artigo 10, que queda redactado como segue:

«5. A consellería con competencias en materia de educación poderá ampliar a oferta de materias optativas ás que se refire a letra h) do número 1 deste artigo e establecerá o seu currículo de acordo co establecido neste decreto.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, ___ de ___ de 2023

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente



Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

BORRADOR